

O AECT Río Minho reúnese coa Secretaria do Estado de Portugal para a valorización do interior para reforzar a vontade de aplicar o ITI Transfronteirizo

Ante o proceso de planificación estratéxica para o río Minho Transfronteiro 2030, a [AECT Río Minho](#) reuniuse coa [secretaría de Estado](#) de Valorización Interior de Portugal, Isabel Ferreira. A reunión, que tivo lugar en Vila Nova de Cerveira e contou coa presenza do director da AECT, Uxío Benítez, o subdirector e tamén alcalde de Vila Nova de Cerveira, Fernando Nogueira, servíu para presentar os obxectivos e prioridades da agrupación territorial, incluída a vontade de implementar un Investimento Territorial Integrado, o ITI transfronteirizo no marco da política de cohesión da UE.

Repasando o camiño emprendido, a nivel de accións, actividades e proxectos, o director da AECT de Río Minho, Uxío Benítez, subliñou que, na lóxica do desenvolvemento integrado, “é esencial que para o período 2021-2027, os territorios transfronteirizos poidan aplicar a figura do Investimento Territorial Integrado (ITI) promovendo accións artelladas no seguinte período de programación de fondos comunitarios e non limitándose só á verticalidade da aplicación da posible nova

xeración do
programa INTERREG”.

O presidente Uxío Benítez destacou no encontro a importancia de utilizar o instrumento de xestión e garantir o aproveitamento dos fondos comunitarios

Segundo indicou Benítez, o Investimento Territorial Integrado (ITI) é un instrumento de xestión que permitirá optimizar e integrar fondos europeos garantindo o seu máximo aproveitamento. Para a súa implementación, lembrou o presidente do AECT, é necesario contar cunha serie de requisitos que o agrupamento cumpre perfectamente, xa que “ademais de contar cunha situación xeoestratéxica e un enorme potencial de desenvolvemento económico do territorio, temos un documento estratéxico e unha folla de ruta co que queremos facer de aquí ao 2030”.

“A creación dunha ITI para o territorio transfronteirizo durante o próximo marco comunitario dos Fondos Europeos encaixa perfectamente co noso proxecto”, insistiu Benítez, quen manifestou a importancia de que exista unha alianza estratéxica cos estados, porque estes teñen a decisión final sobre a súa aplicación, “pero

tamén co resto de administracións rexionais e locais”, polo que instou a todas elas a comprometerse con este proxecto “xa que aí está a clave”.

Isabel Ferreira manifestou o compromiso de colaboración co AECT Rio Minho e definiu os AECT como “instrumentos privilexiados de cooperación” na programación 2021-2027

Pola súa parte, a secretaria de Estado de Valoración do Interior, Isabel Ferreira, salientou a importancia que supón para o Goberno portugués a cooperación transfronteiriza, concretamente a través da creación do Ministerio de Cohesión nesta lexislatura, e manifestou a súa disposición a colaborar e apoiar a AECT Rio Minho. Asegurou que ten en conta o papel que as AECT poden xogar como instrumentos privilexiados de cooperación no proceso de programación para o próximo período de fondos comunitarios 2021-2027.

Dende a súa recente constitución, o AECT Río Minho colabora en tres proxectos cofinanciados polo Programa Interreg

V A dirixidos a promover o patrimonio cultural e natural transfronteirizo; á articulación do espazo común e o aumento da cohesión institucional no seu territorio; á promoción do territorio da AECT de Rio Minho no exterior para potenciar os recursos endóxenos; e á creación e consolidación da marca turística transfronteiriza Rio Minho.

O AECT Ríó Minho participa no primeiro Encontro ibérico de Agrupamentos Europeos de Cooperación Transfronteiriza, que se celebra en Vigo

A 'Estratexia 2030' e a creación da marca 'Río Miño' foron as dúas iniciativas máis destacadas polo director do AECT de entre as que está a desenvolver o agrupamento

O director do [AECT Rio Minho](#) e deputado de Cooperación Transfronteiriza, Uxío Benítez, asistiu onte ao "I Encontro de AECT España-Portugal", que se está a celebrar estes días en [Vigo](#). Durante esta primeira xornada, Benítez tivo a oportunidade de presentar as principais liñas de actuación que

se están a desenvolver dende o AECT Río Minho, entre as que quixo destacar unha das iniciativas máis ambiciosas e innovadoras, a elaboración da Estratexia 2030, un plan de traballo en materia de cooperación transfronteiriza para todo o territorio do Río Miño galego portugués, xestada ao longo dos últimos dous anos e que contou coa participación tanto de expertos e expertas en diferentes áreas, como institucional e da cidadanía.

Outro dos fitos do agrupamento europeo destacados por Benítez foi a creación de 'Río Miño', unha marca de identificación para todo o territorio miñoto que viu a luz o pasado mes de abril, a través da que se quere promocionar e dar a coñecer o patrimonio cultural, natural, a gastronomía e riquezas do territorio galego-portugués ribeirán do río Miño baixo o lema: "Dous países, un destino, grandes experiencias".

O encontro, organizado polo AECT Galicia Norte de Portugal e que reuniu en Vigo a todos Agrupamentos Europeos de Cooperación Transfronteiriza da península ibérica, remata hoxe cunha segunda xornada dirixida á analizar futuras posibles sinerxías e oportunidades de cooperación.

O AECT Río Miño constituíuse formalmente o 4 de abril de 2018 e está formado pola Deputación de Pontevedra e a Comunidade Intermunicipal do Alto Minho. A súa creación foi impulsada a través do proxecto Smart Minho, do que pasou posteriormente a formar parte como socio. Smart Minho é un proxecto de cooperación europea cofinanciado ao 75% polo Fondo de Europeo de Desenvolvemento Rexional.

O AECT Rio Minho colabora co IKFEM 2019 a través da iniciativa Concertos no Río Miño

O festival transfronteirizo ampliará o seu programa con 4 concertos nas eurocidades Tomiño – Cerveira e Tui – Valença

O agrupamento europeo destinou un total de 30.000 € para a dinamización de experiencias culturais, como parte da acción 2 do proxecto Smart Minho

A través da iniciativa do AECT Rio Minho, ‘Concertos no Río Miño’, a VII edición do **IKFEM** que se celebra o vindeiro mes de xullo, incluírá catro novos escenarios, dous deles na eurocidade Tomiño- Cerveira e outros dous na eurocidade Tui – Valença, ampliando deste xeito o ámbito territorial e o número de días do destacado festival transfronteirizo dedicado aos instrumentos de teclado.

‘IKFEM -Concertos no Río Miño’ será unha extensión do propio evento e celebrarase do 14 ao 16 de xullo nos concellos de Tomiño, Cerveira, Tui e Valença. O público poderá gozar dunha programación variada en estilos musicais, con artistas de altísima calidade de Galiza e Portugal, e con propostas dirixidas a todo tipo de públicos. Os espazos dos concertos serán emprazamentos exteriores en torno ao Río Miño: o pantalán do club de remo de Tui; a fortaleza de Valença con vistas ao Río Minho; os xardíns do Aquamuseu de Cerveira, e o espazo fortaleza de Tomiño.

A colaboración do AECT Rio Minho co IKFEM para esta actividade

ascende a un total de 15.000 €, unha axuda enmarcada dentro da actividade 2 do proxecto de cooperación europea Smart Minho (cofinanciado ao 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional) destinada á dinamización de experiencias culturais conxuntas entre as dúas marxes do río. O pasado mes de maio, o agrupamento xa colaborou co Encontro de Tocadores `Entre Margens`, cunha financiación similar destinada á programación artística. Grazas a esa achega de 15.000 €, 'Entre Margens' viu consolidada a súa oferta musical e incluíu por primeira vez ao concello da Guarda dentro da súa programación.

Xunto co [AETC Rio Minho](#), son socios do proxecto europeo de cooperación transfronteiriza Smart Minho, a a Deputación de Pontevedra, a CIM Alto Minho e a Fundación Centro de Estudos Euro Rexionais Galiza – Norte de Portugal. Smart Minho está está cofinanciado ao 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a través do Programa Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 e conta cun orzamento total de 942.022,47 euros.

O AECT Rio Minho estudará os problemas de mobilidade transfronteiriza grazas á aprobación dun novo proxecto europeo

O financiamento chega a través da iniciativa B-Solutions de proxectos piloto nas fronteiras da UE.

O Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial do Rio Minho ([AECT Rio Minho](#)) recibiu a aprobación dun novo proxecto no marco da iniciativa [B-Solutions](#), promovida pola Asociación das Rexións Fronteirizas Europeas (AEFR) baixo a supervisión da DG Regio.

B-Solutions é unha convocatoria para o financiamento de 20 micro proxectos piloto destinados a solventar as barreiras de carácter administrativo e legal que se verifican nas fronteiras en áreas como o emprego, a saúde, o transporte, o plurilingüismo e/ou cooperación institucional, e está orientada principalmente a entidades públicas, como é o caso do AECT Rio Minho.

O proxecto promovido polo AECT Rio Minho, *Boosting Minho River Cross-Border Mobility*, ten por obxectivo o estudo dos problemas de mobilidade transfronteiriza no ámbito do Río Miño, para o que recibiu un financiamento de 25.000 € destinados a asesoramento.

Con este financiamento, o AECT Rio Minho poderá dispor dun experto xurídico con coñecemento en instancias transfronteirizas que colabore na estruturación, definición e identificación dos obstáculos para a mobilidade transfronteiriza no territorio do Río Miño, así como na elaboración dunha proposta de solucións para propoñer ás diferentes Administracións e un marco legal desde o que proceder para acometelas. O período de execución do proxecto é de 4 meses.

Segundo explicou o director do AECT Rio Minho, Uxío Benítez, “a virtualidade e importancia da aprobación desta candidatura non é tanto o seu monto económico senón o reducido número de

propostas que se admiten dando visibilidade ao AECT en Bruxelas”, diante dos órganos comunitarios e permitíndolle “participar en foros internacionais de debate e construíndo relacións institucionais que abren portas cara a outras subvencións”.

Smart Minho e Visit Rio Minho

Desde novembro, o AECT Río Miño é socio do proxecto denominado “Estratexia de Cooperación Intelixente do Rio Minho Transfronteirizo”, Smart Minho; desde o que se impulsou a elaboración da [“Estratexia Río Miño Transfronteirizo 2030”](#) e que tamén inclúe a posta en marcha de diferentes plans piloto de mobilidade e cultura, xestionados conxuntamente entre España e Portugal.

Por outro lado, un dos obxectivos do AECT Rio Minho é promover o Río Miño Transfronteirizo como un destino ecoturístico de excelencia, a través da posta en valor do seu patrimonio natural e cultural e a creación dunha marca de identidade, Rio Minho, para que permita dar a coñecer, tanto o territorio como os seus produtos. Estas liñas de actuación están recollidas dentro do proxecto Visit Río Minho, que entre outras actividades tamén contempla a creación dunha rede de sendeiros transfronteirizos, un grande atractivo para aqueles turistas que busquen destinos de natureza, calidade e non masificados.

Visit Rio Minho e Smart Minho son proxectos cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do programa Interreg VA España- Portugal (POCTEP) 2014 -2020”, neste caso aprobados na primeira candidatura.

Aprobado financiamento europeo para un novo proxecto impulsado polo AECT Rio Minho: Rede Lab Minho

No marco da segunda convocatoria do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) INTERREG VA

O obxectivo de Rede Lab Minho é a formación dun Laboratorio de políticas públicas transfronteirizas de carácter local.

O Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial do Rio Minho (AECT Rio Minho) recibiu a aprobación dun novo proxecto na [segunda convocatoria](#) do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 INTERREG V A: Rede Lab Minho.

Rede de apoio ás dinámicas locais de cooperación do río Minho – Rede Lab Minho é a denominación do proxecto, que se enmarca no eixo 4 do Interreg de mellora da capacidade institucional e a eficiencia da administración pública a través da cooperación transfronteiriza e no obxectivo temático 11 de mellora da capacidade institucional das autoridades públicas e as partes interesadas e a eficiencia da administración pública, que supón un investimento de 345.396 euros, do cal un 75 por cento está cofinanciado por fondos FEDER.

O obxectivo de Rede Lab Minho é a constitución e dinamización dunha Rede de cooperación e observación das dinámicas locais transfronteirizas, o apoio a experiencias de cooperación locais entre as diferentes eurociudades do Miño (Tui-Valença, Cerveira-Tomiño e Salvaterra-Monçao) así como entre outras vilas parellas transfronteirizas como A Guarda-Caminha, Arbo-Crecente-Melgaço ou As Neves-Monçao que, aínda que non están

constituídas como eurociudades, manteñen relacións de cooperación grazas aos proxectos Smart Minho e Visit Rio Minho, nos que participan o AECT Rio Minho e a Deputación de Pontevedra.

O deputado de Cooperación Transfronteiriza e director do AECT Rio Minho, Uxío Benítez, explicou que este novo proxecto “vai contribuír ao fortalecemento da cooperación a nivel local entre os concellos galegos e portugueses ribeiros do río Miño, mediante a creación dunha rede cooperativa tanto institucional como social, a nivel local transfronteirizo”.

Rede Lab Minho persegue acadar como resultados, no período de execución do proxecto previsto entre abril de 2019 e decembro de 2021, a creación dunha rede de gobernanza transfronteiriza co obxecto de pór en funcionamento políticas públicas de benestar da cidadanía; a capacitación, información e sensibilización das estruturas locais de cooperación transfronteiriza (bilaterais) para acadar un maior grao de cooperación territorial; aproximar institucionalmente os modelos de gobernanza dos bens públicos á cidadanía para chegar á integración conxunta de actividades e iniciativas; e tamén a consolidación do AECT Rio Minho en termos de capacidade de cumprir os seus obxectivos fundacionais e de creación de novas sinerxías transfronteirizas.

Smart Minho e Visit Rio Minho

Desde novembro, o AECT Río Miño é socio do proxecto denominado “Estratexia de Cooperación Intelixente do Rio Minho Transfronteirizo”, Smart Minho; desde o que se impulsou a elaboración da “Estratexia Río Miño Transfronteirizo 2030” e que tamén inclúe a posta en marcha de diferentes plans piloto de mobilidade e cultura, xestionados conxuntamente entre España e Portugal.

Por outro lado, un dos obxectivos do AECT Rio Minho é promover

o Río Miño Transfronteirizo como un destino ecoturístico de excelencia, a través da posta en valor do seu patrimonio natural e cultural e a creación dunha marca de identidade, Rio Minho, para que permita dar a coñecer, tanto o territorio como os seus produtos. Estas liñas de actuación están recollidas dentro do proxecto Visit Río Minho, que entre outras actividades tamén contempla a creación dunha rede de sendeiros transfronteirizos, un grande atractivo para aqueles turistas que busquen destinos de natureza, calidade e non masificados.

Visit Rio Minho e Smart Minho son proxectos cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do programa Interreg VA España- Portugal (POCTEP) 2014 -2020", neste caso aprobados na primeira candidatura.

O AECT Río Minho colabora con 15.000 euros co Encontro de Tocadores 'Entre Margens' a través do proxecto Smart Minho

Grazas a esta axuda o festival Entre Margens ampliará a súa [programación musical](#) con 8 concertos, 2 en A Guarda, 3 en Caminha e outros tres a bordo do Ferryboat que une as dúas vilas

O Encontro de Tocadores 'Entre Margens' ampliará a súa

[programación musical](#) nesta edición do 2019 que comeza o xoves 30 de maio, grazas a unha colaboración de 15.000 euros do AECT Rio Minho, dentro do marco do proxecto de cooperación transfronteiriza Smart Minho, do que o agrupamento europeo forma parte, xunto coa Deputación de Pontevedra, o CIM Alto Minho e a Fundación Ceer.

A través deste acordo de colaboración o AECT Rio Minho financia [‘Concertos no Río Miño’](#), un total de 8 actuacións, dúas na Guarda, tres en Caminha e outras tres a bordo do Ferryboat que une as dúas vilas completando deste xeito o programa de actividades do festival transfronteirizo, cunha proposta que inclúe parte do mellor folk e música tradicional de Galiza e Portugal.

Nos escenarios dos ‘Concertos no Río Miño’ poderemos ver as actuacións de Sérgio Mirra, Pan de Capazo, Segue-me à Capela, Carlos Batista e Roncos do Diabo, así como varios concertos a mans de tocadores e tocadoras de Galiza e Portugal a bordo do Ferryboat Santa Rita de Cassia. Todos os concertos serán de balde.

‘Concertos no Río Miño’ é unha iniciativa do AECT Río Miño e forma parte da actividade 2 do proxecto Smart Minho. Esta actividade comprende actuacións orientadas á recuperación e posta en valor do patrimonio inmaterial miñoto, a organización de foros culturais entre axentes locais de ambas beiras e a participación en festivais de música transfronterizos. Precisamente, este último punto materialízase neste acordo de colaboración co Encontro de Tocadores Entre Margens xa que este evento musical encaixa á perfección coa filosofía do proxecto e co seu espírito de cooperación.

Smart Minho

Son socios de Smart Minho o AECT Rio Minho, a Deputación de Pontevedra, a CIM Alto Minho, e a Fundación Centro de Estudos Euro Rexionais Galiza – Norte de Portugal. Smart Minho está

está cofinanciado ao 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a través do Programa Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 e conta cun orzamento total de 942.022,47 euros.

Smart Minho promove encontros entre técnicos culturais municipais para facer da promoción e creatividade cultural un dos atractivos do territorio do Río Miño

A axenda de traballo iniciouse cunha primeira reunión en Tui con técnicos municipais de cultura galegos. O obxectivo é a organización dunha actividade cultural singularizada que poña en valor o territorio do río Miño.

Técnicos do proxecto Smart Minho, liderado pola Deputación de Pontevedra, mantiveron esta semana unha reunión de traballo con técnicos de municipios galegos no que supuxo o punto de partida dun proceso de reflexión sobre a cultura transfronteiriza, que ten por obxecto promover a organización dunha actividade cultural singularizada que valorice o territorio do río Minho.

A axenda de traballo iniciouse con esta reunión, que tivo lugar en Tui, e continuará ao longo dos próximos meses con reunións en Portugal con técnicos de cultura dos municipios lusos e, finalmente, con encontros conxuntos.

Este proceso de reflexión parte do convencemento de que é preciso aproveitar as sinerxías e o potencial creativo existente en ambas as marxes do Río Miño Transfronteirizo (Festival da Poesía do Condado en Salvaterra, Festival de Cans en Porriño, PLAY DOC e IKFEM en Tui, Paredes de Coura, Bienal de Escultura de Tomiño e Vilanova da Cerveira, etc.).

Esta iniciativa desenvólvese no marco da actividade de dinamización de experiencias culturais conxuntas para achegar aos axentes territoriais e involucrar ás poboacións nos procesos de cooperación do proxecto Estratexia de Cooperación Intelixente Rio Minho Transfronteirizo, Smart Minho.

Os obxectivos desta acción son achegar aos axentes territoriais que se moven no campo da cultura, dinamizar redes de traballo conxunto no campo cultural, e facer unha reflexión colectiva sobre as potencialidades da cultura eurorrexional como elemento diferenciador do territorio.

Expertos en industrias culturais, valor cultural e cultura compartida da Eurorrexión de Galicia e Norte de Portugal, asociacións, empresas, artistas e axentes culturais do territorio; representantes de proxectos relevantes doutras rexións europeas e representantes de organismos públicos configurarán os actores clave a mobilizar nos próximos meses.

Smart Minho

O proxecto denominado “Estratexia de Cooperación Intelixente Rio Minho Transfronteirizo”, Smart Miño, está cofinanciado ao

75 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), a través do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) 2014-2020.

O AECT Río Minho aproba as contas e o informe de actividades do 2018

A entidade centrou os seus esforzos na mellora cooperación transfronteiriza e o apoio a proxectos europeos que se están a desenvolver no territorio.

A Asemblea Xeral do Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial do Río Miño ([AECT Río Minho](#)) reuniuse onte en Valença para aprobar as Contas e o Informe de actividades correspondentes ao periodo de 2018.

Segundo explicou o director do AECT Río Minho, Uxío Benítez, durante o 2018, a entidade concentrou gran parte dos seus recursos en actividades de consolidación institucional na rexión a través de dinámicas locais de cooperación transfronteiriza, no apoio á implementación do proxecto 'Smart Miño', cofinanciado polo Interreg V-A, e na presentación do Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial do Río Miño ante relevantes entidades rexionais, nacionais e europeas.

Así mesmo, segundo apuntou Benítez, houbo tamén un esforzo moi significativo na promoción de actividades que contribúan á preservación e valorización do Río Miño Transfronteirizo, como

a creación da marca 'Río Miño', unha acción enmarcada no proxecto 'Visit Rio Minho', do que tamén son socias a Deputación de Pontevedra e o CIM Alto Minho, e que conta igualmente con cofinanciamento do programa Interreg V-A.

Promoción da marca Rio Minho

Precisamente, reforzar a difusión desta nova marca para o territorio e a súa consolidación como elemento identificativo da xeografía miñota, será un dos principais eixos de actuación do AECT neste 2019.

Ademais, o AECT presentou unha nova candidatura aos fondos europeos, o proxecto Red Lab Minho, cun investimento global de arredor de 431.745 euros e dirixido á dirixido a apoiar as dinámicas bilaterais de cooperación transfronteiriza do territorio do AECT Rio Minho, que se espera que sexa aprobado nas próximas semanas.

Por último, Benítez destacou tamén o labor de soporte regular que, no ámbito do protocolo realizado coa Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira, se lle deu ao proxecto "Amizade Cerveira-Tomiño".

O informe de contas, relativo aos seis meses de xestión en 2018, de xullo a decembro, contempla un orzamento global de 62.326,70 euros, dos que foi executado o 75%, é dicir 45.963,51 €.

Disolución de Uniminho

Por outra parte, a Asociación do Val do Miño Transfronteirizo (Uniminho) puxo hoxe o punto final a un traballo de máis de dez anos, cuxas funcións e proxectos agora "herdará" o AECT Rio Minho, nunha lóxica de continuidade na persecución dos mesmos obxectivos globais.

Éxito de resposta do proceso de participación cidadá para o deseño do Plan de Mobilidade Sustentable do Río Miño Transfronteirizo (PMST)

A fase de participación cidadá para o deseño do Plan de Mobilidade Sustentable do Río Miño Transfronteirizo (PMST) rematou cun grande éxito de resposta: recolléronse un total de 507 enquisas no territorio galego e portugués, unha cifra que supera as expectativas definidas no plan de traballo inicial.

Así se puxo de manifesto na última reunión do equipo de traballo do PMST, unha das principais accións do proxecto de cooperación transfronteiriza Smart Minho.

A participación cidadá xoga un papel destacado no deseño do plan e levouse a cabo mediante a realización de enquisas, tanto a pé de rúa como online, a través da web de Smart Minho, así como a través da organización de varios obradoiros nos que o tecido asociativo e económico do territorio puido achegar tanto ideas como as problemáticas ás que se enfrontan no día a día en materia de mobilidade.

O proceso de participación cidadá tivo lugar entre o 12 de febreiro e o 9 de marzo deste ano e concluíu coa realización dun total de 316 enquisas presenciais e 191 cuestionarios online. Cabe destacar que no plan de traballo inicial se contemplara a realización de 200 enquisas presenciais, cifra que se superou en moito.

O plan estudará especialmente a mellora dos desprazamentos entre os tres pares de núcleos que compoñen as eurociudades de Tomiño-Cerveira, Tui-Valença e Salvaterra-Monçao, que aglutinan a terceira parte do total de poboación do territorio.

Rematado o proceso de participación cidadá, o seguinte paso para o deseño do PMST é a identificación de problemas e retos de mobilidade no territorio transfronteirizo. Na última fase desta acción presentaranse as liñas de actuación, medidas e propostas a desenvolver no territorio.

Plan de Mobilidade

O PMST busca planificar un modelo de mobilidade e accesibilidade, entre as eurociudades do Minho, orientado á mellora da calidade de vida das persoas, a seguridade vial e respectuoso co medio ambiente. Para tal finalidade, é imprescindible contar coa participación de todas as institucións e axentes implicados no territorio para poder compartir opinións e suxestións sobre mobilidade neste espazo compartido.

O estudo abrangue máis de 3.300 km² de territorio, inclúe a 26 municipios galegos e portugueses, e a unha poboación de ao redor de 376.000. Unha vez recompilada e analizada toda a información obtida a través das enquisas e obradoiros, poderanse extraer as primeiras conclusións e establecer unha visión global do conxunto da mobilidade na área do río Miño transfronteirizo, cunha proposta de accións piloto lista para desenvolver no inmediato.

O plan de mobilidade sustentable do río Miño transfronteirizo enmárcase dentro do proxecto Smart Minho a través do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2014-2020 (INTERREG V-A) e está cofinanciado ao 75 % por fondos FEDER, cun orzamento total de 942.022,47 euros.

O Consello Consultivo ratifica a Estratexia 'Río Miño Transfronteirizo 2030'

O órgano de participación do AECT Rio Minho validou o documento que marcará as liñas de actuación da cooperación transfronteiriza dos próximos 10 anos.

O Consello Consultivo do [AECT Rio Minho](#), presidido polo director do agrupamento, Uxío Benítez, reuniuse hoxe na Escola Superior de Ciencias Empresariais de Valença, para dar o seu visto e prace a 'Estratexia Río Miño Transfronteirizo 2030'. Ata 26 organismos de Galicia e Portugal, incluídas cámaras de comercio e asociacións de empresas, participaron no encontro, ao que tamén asistiu a secretaria de Estado de Desenvolvemento Rexional do país luso, María do Céu Albuquerque, en representación do Ministerio de Planeamento portugués.

O documento, elaborado no seo do proxecto Smart Minho, servirá como guía das actuacións en materia de cooperación transfronteiriza no territorio durante a próxima década.

A Estratexia Río Miño Transfronteirizo 2030 establece un plan de acción en base a cinco eixos estratéxicos: Gobernanza e programas de servizos conxuntos; Turismo sustentábel e responsábel; Cultura transfronteiriza; Mobilidade sustentable, e Sustentabilidade e economía innovadora. A Estratexia senta as bases das actuacións, pero este é un documento vivo, unha

ferramenta dinámica a partir da cal se irán definindo as accións concretas.

O documento presenta unha análise profunda do territorio en clave de poboación, estrutura económica, mercado de traballo, mobilidade, recursos naturais e programas de servizos e equipamentos públicos transfronteirizos xa existentes. Os datos demográficos do territorio descubren por exemplo dúas realidades moi diferentes dentro do AECT, por unha banda unha zona interior – oriental, caracterizada por baixas densidades de poboación e perda de poboación constante nos últimos 25, cun claro envellecemento da mesma; e por outra unha zona costeira – occidental cunha densidade maior e un envellecemento máis moderado, un dos principais retos aos que se deberá facer fronte no futuro.

Dous anos de traballo

“O río Miño como vector central do desenvolvemento do territorio” é a visión sobre a que se desenvolve este traballo de case dous anos de análise. O proceso de elaboración da `Estratexia Rio Minho Transfronteirizo 2030` comezou en outono de 2017 cunha rolda de entrevistas cos responsables municipais das dúas marxes do río, e dividiuse en diferentes fases. Tras a redacción dun primeiro borrador, que foi sometido á debate no I Fórum do Rio Minho Transfronteirizo ao que asistiron máis dun centenar de persoas, a participación cidadá completouse coa organización de 4 mesas temáticas e a realización dunha enquisa a través da web www.smartminho.eu. Paralelamente tivo lugar unha segunda rolda de xuntanzas coas alcaldías do territorio e reunións con outros actores territoriais e institucionais relevantes.

En novembro de 2018 tivo lugar o II Fórum do Río Miño transfronteirizo, onde se presentou o documento estratéxico reformulado, incluíndo todas as aportacións e conclusións dos

encontros mantidos, para sometelo novamente a debate coa cidadanía. Por último, tras a aprobación do Consello Coordinador presentouse hoxe ante o Consello Consultivo do AECT Rio Minho para a súa validación. A Estratexia formulouse tendo en conta os marcos comunitarios, tanto estratéxicos coma orzamentarios do período 2014 – 2020 e das perspectivas para o próximo período 2021 – 2027.

O equipo redactor do documento estivo composto por técnicos da Deputación de Pontevedra, CIM Alto Minho, e Fundación CEER. Para garantir a calidade científica e académica do proceso contouse tamén con expertos e expertas das universidades públicas da eurorrexión, que conformaron o Comité Científico Asesor, composto polo doutor Anxo Calvo da Universidade da Coruña; o doutor Rubén Camilo Lois, da Universidade de Santiago de Compostela; o doutor José Alberto Rio Fernandes, da Universidade do Porto; o doutor Francisco Carballo, Universidade do Minho e a profesora Sandrina Ferreira Antunes, da Universidade do Minho.

Smart Minho

A Estratexia 2030 é o principal produto do proxecto Smart Minho, cofinanciado nun 75 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), a través do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2014-2020 (POCTEP 2014-2020), en concreto no seu eixe 4, destinado á mellora da capacidade institucional e eficiencia da Administración pública.

26 entidades de Galicia e Portugal participarán no Consello Consultivo do AECT Río Miño

O Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial do Río Miño (AECT Río Miño) constituirá mañá o seu órgano de consulta e participación. Un total de 26 entidades galegas e portuguesas designaron representante para a súa participación no Consello Consultivo, que estará presidido polo director da entidade, Uxío Benítez, e se celebrará na Escola Superior de Ciencias Empresariais de Valença.

Máis dunha vintena de altos cargos e representantes de organismos e entidades galegos e portugueses forman parte do Consello Consultivo do AECT Río Miño e asistirán mañá ao acto de constitución.

Coa constitución do Consello Consultivo o AECT Río Miño da por formalizados todos os seus órganos. O AECT Río Miño é un instrumento de cooperación, con personalidade xurídica propia, integrada pola Deputación de Pontevedra e a Comunidade Intermunicipal do Alto Miño. Constituíuse en Valença o 24 de febreiro de 2018 no marco do proxecto Smart Miño, para superar as dificultades atopadas na implementación de proxectos no territorio transfronteirizo.

Obxectivo do AECT Río Miño

O obxectivo prioritario do AECT Río Miño é lograr a máxima cohesión económica e social da rexión transfronteiriza do val do Río Miño a través da posta en marcha de programas, proxectos e accións comúns entre os territorios galego e portugués con iniciativas como: a valorización e promoción dos recursos do territorio, a promoción do patrimonio cultural e

natural común, a captación de financiamento europeo e estatal para as diferentes iniciativas de emprendemento, a creación e consolidación dunha marca turística “Río Miño” como elemento de identificación do territorio e impulsar servizos e equipamentos compartidos entre os municipios de ambas as beiras do Miño.